

 XUNTA
DE GALICIA.

 Xacobeo 21-22

Pontevedra



**un paseo de
historia e vida**

Pontevedra

A CIDADE DE PONTEVEDRA NACE NA ÉPOCA ROMANA NA FOZ DO RÍO LÉREZ, ONDE SE FORMA A RÍA DE PONTEVEDRA. ESTÁ SITUADA NO CORAZÓN DAS RÍAS BAIXAS E FOI DENOMINADA NA ÉPOCA MEDIEVAL «PONTUS VETERIS» (PONTE VELLA), ACADANDO O SEU ESPLENDOR AO COMEZO DO RENACEMENTO POLA IMPORTANCIA DA PESCA E DO COMERCIO MARÍTIMO. DENDE 1834 É A CAPITAL DA PROVINCIA. HOXE É UNHA PEQUENA, ACCESIBLE E CÓMODA CIDADE QUE DESTACA POLA SÚA RIQUEZA PATRIMONIAL.



Imprescindibles

A Alameda e ruínas do convento de San Domingos



B Praza da Ferrería e igrexa de San Francisco



C Santuario da Virxe Peregrina



D Praza da Leña, praza da Verdura




E Museo Provincial de Pontevedra



F Real Basílica de Santa María a Maior



A ruta



- 1 Praza de España
- 2 Rúa da Bastida
- 3 Rúa da Alfóndega
- 4 Rúa de Don Filiberto
- 5 Rúa Manuel Quiroga
- 6 Rúa Soportais
- 7 Praza da Ferrería
- 8 Igrexa da Peregrina
- 9 Rúa Conde San Román
- 10 Praza da Verdura
- 11 Praza da Leña
- 12 Rúa Martín Sarmiento
- 13 Praza da Pedreira
- 14 Mercado municipal
- 15 Praza Celso García de la Riega
- 16 Rúa Real
- 17 Praza Méndez Núñez
- 18 Rúa de Don Gonzalo
- 19 Praza de Curros Enríquez
- 20 Praza do Teucro
- 21 Rúa Princesa
- 22 Rúa Tetuán
- 23 Rúa de Dona Tareixa
- 24 Avenida de Santa María
- 25 Rúa Isabel II
- 26 Praza das Cinco Rúas
- 27 Rúa do Barón
- 28 Praza do Peirao
- 29 Praza Valentín García Escudero



Pontevedra

A CIDADE DE PONTEVEDRA NACE NA ÉPOCA ROMANA NA FOZ DO RÍO LÉREZ, ONDE SE FORMA A RÍA DE PONTEVEDRA. ESTÁ SITUADA NO CORAZÓN DAS RÍAS BAIXAS E FOI DENOMINADA NA ÉPOCA MEDIEVAL «PONTUS VETERIS» (PONTEVELLA), ACADANDO O SEU ESPLENDOR AO COMEZO DO RENACEMENTO POLA IMPORTANCIA DA PESCA E DO COMERCIO MARÍTIMO. DENDE 1834 É A CAPITAL DA PROVINCIA. HOXE É UNHA PEQUENA, ACCESIBLE E CÓMODA CIDADE QUE DESTACA POLA SÚA RIQUEZA PATRIMONIAL.

Comezamos a nosa ruta na **praza de España** ¹, diante da casa consistorial e da Alameda, ás portas do vello recinto amurallado, un lugar de doado acceso, con aparcadoiro público e parada de autobuses nas inmediacións.

Arredor da Alameda sitúanse os edificios públicos máis representativos de Pontevedra: o PAZO DA DEPUTACIÓN; o vello CUARTEL DE SAN FERNANDO, hoxe sede da facultade de Belas Artes; o INSTITUTO VALLE-INCLÁN; a SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO e a CASA CONSISTORIAL.

Dende o punto de vista histórico podemos resaltar o MONUMENTO AOS HEROES DE PONTESAMPAIO, que nos lembra a vitoria en 1809 fronte ás tropas napoleónicas nesta pequena localidade pontevedresa, e as ruínas do CON-

VENTO DE SAN DOMINGOS, do que se conserva a cabeceira gótica da igrexa, datada no século XIV, e a entrada á sala capitular do XV.

Accedemos á parte histórica pola **rúa da Bastida** ², para chegar á **rúa da Alfóndega** ³, onde nos atopamos co FIEL CONTRASTE, obra escultórica de Ramón Conde, que nos lembra que, alá polo século XVI, situábase neste lugar a alfóndega ou mercado, onde unha persoa contratada polo concello pesaba e medía as mercancías que alí entraban pola próxima porta de San Domingos, hoxe desaparecida.

Continuamos o noso percorrido pola **rúa de don Filiberto** ⁴ e vemos un dos edificios civís máis vellos da cidade, a CASA DAS CAMPÁS, sede do vicerreitorado da Universidade de Vigo en Pontevedra. A lenda conta que



PÁXINA OPOSTA Héroes de Pontesampaio
DEREITA Casa Consistorial





este era o lugar onde agochaba os tesouros o pirata pontevedrés Benito Soto, que foi axustizado en Xibraltar en 1830 e acuñou o dito «os mortos non falan». A fachada está ornada con arcos flamíxeros e o escudo dos Puga, vencellados a Ribadavia, capital do viño do Ribeiro que se exportaba dende o porto de Pontevedra.

En fronte, comparten edificio o [TEATRO PRINCIPAL](#) e a sede social do [LICEO](#), fundado en 1855, polo que é, despois do Concello, a




sociedade civil máis antiga da cidade que se encarga de organizar o coñecido Baile da Peregrina que acolle a máis de tres mil persoas.

A fachada principal ábrese á **rúa Manuel Quiroga** 5, vella rúa da Pratería ou dos Comercios, onde podemos ver tendas de roupa e calzado. Algunhas delas están especializadas en traxes de cerimonia e grandes firmas. Noutras como [Carnaby](#), tenda de moda retro, onde á parte de roupa e calzado de deseñadores nacionais e internacionais, tamén podemos atopar pósteres inspirados en películas ou series de TV, vinilos de música funk, reggae, soul, ou clásicos e unha infinidade de obxectos coma: tocadiscos, radios ou súas camisetas Remember, todo inspirado nun pasado non moi afastado.

A rúa anímase tamén con outros comercios. Un clásico na decoración é [Eléctrica Moderna](#), considerada en 2015 pola revista Vogue como unha das doce mellores tendas do

sector en España. Hai tamén algunhas máis tradicionais para os amantes da costura que buscan os mellores tecidos para vestidos de gala ou simplemente para o fogar, coma [Tejidos Risco](#), [La Moda Ideal](#) que abriu en 1896 ou [Almacenes Clarita](#), que dende 1904 segue en mans da mesma familia. Hai outros comercios máis innovadores como [Cince-laser](#) onde, en 20 minutos, poden personalizar con láser calquera agasallo e na que, ademais, nos sorprenden as súas orixinais pandeiretas decoradas ou os seus petos de madeira. Na mesma rúa Manuel Quiroga elegantes boutiques coma [Chamonix](#) ou [Tólf](#), cunha esmerada técnica de arranxo e adorno de escaparates, asesóranos sobre as novas tendencias de moda feminina. Os máis novos atopan o seu lugar en [Bullitt Store](#), moda para skaters, sen esquecer o seu compromiso cos máis desfavorecidos a través de accións solidarias.

O sábado a mediodía podemos gozar da sesión vermú and roll da [Quesera](#), un local moi



animado xa que xunta música, vermú e unha coidada selección de queixos nacionais e internacionais, propoñendo cada semana unha táboa diferente de queixos. Ao seu carón atópase o [café-bar O Bioco](#), cos seus orixinais tés de cogomelos ou algas.

Na inmediata **rúa Soportais** 6 estableceu-se en 1896 [A Moda Dabaixo](#) e dende entón continúa coa súa actividade téxtil rexentada pola mesma familia. Daquela primeira época conserva no seu interior parte do mostrador de madeira; no seu escaparate, entre pezas de vestir, preséntanse á venda obxectos de coleccionista e xoguetes antigos. Parece ser que esta tradición vén de outrora, cando os comerciantes colocaban trens en miniatu-

PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Convento de San Domingos
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Fiel Contraste
ARRIBA Tejidos Risco
ABAIXO Teatro Principal



ra como reclamo publicitario, para que os pontevedreses se achegasen a ver os seus escaparates. Xusto ao seu carón, [Lagasca](#), unha concept-store de moda e complementos para a muller e singulares obxectos decorativos para o fogar, pon o contrapunto ao tradicional.

E chegamos á **praza da Ferrería 7** o topónimo da cal nos indica a principal actividade que alí se desenvolvía: o traballo do ferro. Nos baixos dos soportais situábanse as forxas dos ferreiros das que saíron espadas, escudos e coitelos para armar aos seus cabaleiros e exércitos dende a época dos Reis Católicos ata o século XIX. É, sen dúbida, o centro da vida social e cultural da cidade, que toma o pulso de Pontevedra nas súas animadas terrazas. A praza é singular polas súas construcións de diferentes épocas, feitura e alturas, coma o modernista [EDIFICIO HERRERÍA](#), de 1902.

Na esquina coa Porta de Trabancas está o [Restobar Savoy](#). Este local ocupa o antigo lugar do Café Savoy, aberto en 1936, un espazo emblemático porque acollía nas súas mesas a pintores, escritores e intelectuais de sona, coma Laxeiro, Pesqueira, Celso Emilio

PÁXINA OPOSTA Igrexa da Peregrina
ARRIBA Restobar Savoy



Ferreiro, Filgueira Valverde ou Gonzalo Torrente Ballester, que coas súas animadas reunións, formaban «O Faladoiro». Dende a planta alta ofrécese unha espléndida vista da praza da Ferrería.

Nas inmediacións atopamos a **igreja da Peregrina 8**, coa súa curiosa planta en forma de vieira, símbolo da peregrinación, que se pode visualizar subindo á cúpula. A fachada da igrexa está ornada coa representación da Virxe María e o Neno, San Xosé e Santiago apóstolo, vestidos á usanza dos peregrinos medievais, como corresponde a un lugar polo que pasa o Camiño Portugués cara a Santiago de Compostela. Podemos adquirir na [Xoiaría Suárez](#), xusto en fronte, réplicas en prata deste monumento e da Virxe da Peregrina, así como a pulseira de Pontevedra que reproduce os monumentos máis representativos da cidade. Esta xoiaría, con máis de século e medio de presenza na cidade, é a creadora da colección «Xoias con



historia», inspirándose na arte e na historia de Pontevedra.

Diante está o MONUMENTO AO PAPAGAIO RAVACHOL, alma do Entroido pontevedrés, pois aquí viviu ata 1913 na botica que tivo don Perfecto Feijóo. A farmacia, era un lugar de animados faladoiros nos que participaron Ortega y Gasset, Miguel de Unamuno, Pablo Iglesias, Emilia Pardo Bazán e Isaac Albéniz. O azar quixo que o papagaio morrese durante o Entroido e o seu enterro foi tan multitudinario que cambiou a historia desta festa pontevedresa. O sábado despois do Entroido entérrase cada ano a aquel papagaio, tan popular polas súas expresións malsoantes, por sus expresiones malsonantes.

ARRIBA Praza da Ferrería

ABAIXO Fonte da Ferrería e igrexa de San Francisco

PÁXINA OPOSTA Bar O Parvadas

No lateral da igrexa da Peregrina, no nº 4 da rúa de González de Zúñiga, podemos visitar o Bar O Parvadas, con case un século de existencia e cuxo nome parece que provén das «parvadas» que se poden dicir despois de degustar o viño, que neste establecemento aínda se serve á usanza tradicional en cunca de louza branca. Das súas paredes penden numerosas boinas, que nos anuncian que este é o refuxio do Grupo da Boina, o máis antigo de España, fundado en 1958 polos amantes do bo comer e beber e, por suposto, de arranxar o mundo coas súas charlas.

Nas inmediacións, no nº 3 da rúa Benito Corbal, fundouse en 1898 a talabartería e tenda hípica E. Mourino, para facer artesanía en coiro orientada ao mundo do cabalo. Hoxe evolucionou converténdose nunha tenda de accesorios e complementos de moda, que ademais ofrece un bo asesoramento aos amantes da hípica.



Ao seu carón, no nº 9 da mesma rúa, atópase a Panadería Acuña, fundada en 1950. É un dos puntos de venda deste negocio, hoxe en mans da cuarta xeración de panadeiros, que conta con 17 establecementos abertos por boa parte da provincia. O artesán é o que predomina, polo que non é de estrañar que se formen longas fileiras nas súas portas, sobre todo antes de comer.

O noso itinerario lévanos de regreso á praza da Ferrería polos Xardíns de Castro Sampedro. Entre camelias, asoma a renacentista Fonte da Ferrería e, atrás no alto, a Igrexa de San Francisco, a cuxo santo, san Francisco de Asís, atribúeselle a súa fundación cando peregrinou a Santiago alá polo século XIII. O seu interior gótico acolle a tumba de Paio Gómez Chariño, nobre, poeta, trovador, mariño e político, que en 1248 axudou na conquista de Sevilla. Recoñecemos o seu sepulcro pola inscrición «o que gañou Sevilla sendo de mouros».

Na praza da Estrela está o Café-Bar Carabela. En 1946 instalou o primeiro televisor público da cidade e uns anos despois, en 1969, alí se rodaron algunhas das escenas de Esa Mujer, a película protagonizada por Sara Montiel, que fixo, se cabe, aínda máis célebre o establecemento. A súa animada terraza é un bo lugar para gozar do ambiente da praza. No seu interior, sobre a barra, un mural do pintor Conde Corbal recrea os monumentos e a vida cotiá da cidade.

Ao seu carón atopamos o Pazo dos Barbeito, coñecido como a Casa das Caras, pola súa decoración na fachada a base de medallóns. Os escudos dos Barbeito e Padrón completan o conxunto.

Saímos da praza pola comercial **rúa Conde San Román** e achamos algúns negocios singulares coma a Librería e a Imprenta El Pueblo, que se fundou en 1911 como imprenta e editorial de periódicos coma El Pueblo



e El País. Tamén está a [Cerería San Román](#), a primeira que existiu en Galicia, que dende o seu obradoiro en Pontecesures segue a existir, coa cuarta xeración da mesma familia á fronte. Dedicase á fabricación artesanal de candeas coma hai máis dun século, con cera de abella, pulidas a man e con ferramentas centenarias. Chaman a atención os exvotos a xeito de brazos, cabezas ou pernas, tan demandados polos fieis para as romarías. Bo negocio pensando que Galicia é a comunidade onde máis candeas se consumen de toda España!

[As Tareixas](#) é unha pequena-tenda obradoiro onde comercializan complementos realizados en Galicia e todos feitos a man. Cabe salientar os seus orixinais e coloridos bultos multifunción.

Outro dos negocios emblemáticos é a vella farmacia de Enrique Eiras Puig, aberta en 1872, hoxe a [Farmacia Domínguez](#). Entrar aquí é como facer unha viaxe ao pasado: por-

tas, baldosas, mostrador, estantes, botame de cristal, porcelana ou a curiosa balastrada de madeira para delimitar os espazos entre o cliente e o farmacéutico. É un templo á saúde, como confirma o fresco do teito co lema «Ars cum natura ad salutem conspirans» (a arte aliada coa natureza en pro da saúde). Non é de estrañar que se utilizase como escenario para a rodaxe da película Os Gozos e as sombras.

Dende aquí entramos na **praza da Verdura** ¹⁰. Do antigo mercado de froitas e verduras non se conserva nada máis que o topónimo. Hoxe a praza está moi animada polas múltiples terrazas dos bares e tabernas.

Preside este espazo a [CASA DA LUZ](#), onde se instalaron en 1887 as primeiras máquinas de vapor e dínamos que converteron a Pontevedra na primeira cidade galega en ter alumamento eléctrico público. Na Oficina de Turismo, aquí situada, poderanos informar e facilitar planos das cinco zonas comerciais da cidade.

Pola rúa Martín Sarmiento achegámonos á **praza da Leña** e imos deixando atrás algúns comercios con tradición coma [Curtidos Queiro](#), no nº 39, onde, tras máis de 80 anos no negocio do coiro, non só nos ofrecen arti-



PÁXINA OPOSTA Cafe Bar Caravela

ABAIXO O fresco do teito da Farmacia Domínguez



gos realizados en pel, senón que tamén nos poden asesorar sobre como traballala, xa que venden todo tipo de ferramentas e accesorios para facelo, e mesmo as propias peles de poldro, vacún, porco, cabra...

A **Praza da Leña** ¹¹ é sen dúbida un dos puntos máis fotografados de Pontevedra. A estampa é idílica. O cruceiro centra a praza, rodeada de construcións populares con soportais e galerías, pazos urbanos do século dezaioito e animados bares, terrazas e restaurantes. Mención especial merece o [Eirado da Leña](#), onde Iñaki Bretal, membro do Grupo Nove e recentemente galardoado cunha Estrela Michelin 2021, está ao mando dos fogóns e marida perfectamente a tradición culinaria das Rías Baixas con ese toque innovador que o fai diferente.

Regresaremos á **rúa Martín Sarmiento** ¹² para visitar a IGREXA DE SAN BARTOLOMÉ, que pertenceu á Compañía de Xesús ata a expulsión dos xesuítas no ano 1767. A igrexa presenta unha monumental fachada decorada coa imaxe da Inmaculada entre columnas, escudos e fastixios, seguindo os prototipos barrocos. No seu interior acolle un bo mostrario de retablos e imaxinería, entre os que chama a atención a Virxe do O, patroa da

PÁXINA OPOSTA Praza da Verdura
ARRIBA Praza da Leña



cidade de Pontevedra, que representa á Virxe María nun avanzado estado de xestación. Non é de estrañar por iso que sexa obxecto de gran devoción sobre todo entre as grávidas. O vello colexio anexo nun lateral, onde estudou frei Martín Sarmiento, hoxe forma parte do [MUSEO DE PONTEVEDRA](#).

Ao saírmos da igrexa batemos coa tradicional [Numismática Sarmiento](#), que, á parte de moedas e billetes, tamén vende antigüidades e obxectos de coleccionista.

Descendemos xunto aos contrafortes que sustentan o templo e que foron levantados para apuntalar a igrexa, tralo tremor de Lisboa de 1755. Nos baixos traseiros do edificio (nº 3 da Rúa do Padre Amoedo Carballo), estableceuse no ano 2015 [La Ultramar](#), unha taberna dirixida por Pepe Vieira, premiado cunha Estrela Michelin e membro tamén do Grupo Nove.



Ao seu carón, podemos visitar o sexto edificio do **MUSEO DE PONTEVEDRA**, que conta con 16 000 pezas repartidas en seis espazos diferentes na cidade. A súa inmensa colección vai dende a prehistoria ata a actualidade, o que o converte nun dos museos de maior atractivo en Galicia.

Na veciña **praza da Pedreira** ¹³, recíbennos o **PAZO DE MUGARTEGUI**, un dos mellores exemplos do barroco civil urbano de Galicia. Hoxe é sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas. Dende este organismo contrólase e certifícase a calidade dos viños desta prestixiosa denominación. A tranquilidade deste recuncho contrasta co bulicio do próximo **mercado municipal** ¹⁴, cuxo edificio distribúese en dous andares,

PÁXINA OPOSTA Pazo de Mugartegui

ARRIBA Mercado Municipal

ABAIXO Cuchillería Gómez



sendo imprescindible a súa visita para os amantes das compras de produtos frescos do día. Se vemos algunha peza que nos guste, no **Gastro-bar Olmos** ou no **Bar La Plaza**, no segundo andar, cocíñana para nós por un prezo módico. Compartindo o mesmo espazo gastronómico, **O Mercado** bríndanos a oportunidade de degustar produtos e pratos do máis variado e, ás veces, complementar a experiencia con actuacións musicais e exposicións artísticas.

Os arredores do mercado son un auténtico formigueiro de actividade comercial, principalmente polas mañás. Ademais dos produtos de alimentación, atopamos tendas de todo tipo, como quioscos de prensa; mercerías, que nos seus almacéns gardan artigos con máis de 70 anos; a **coitelaría Gómez**, que nos atrae cunha roda de afiadador dende 1952 ou a **Xoiaría Pilar Álvarez**, rexentada por tres xeracións da mesma familia dende a súa fundación en 1953. Algúns bazares, onde



aínda se poden adquirir verdadeiras xoias para os coleccionistas, completan a oferta de compras. Os domingos pola mañá, ao longo da rúa Serra, celébrase un mercado de antigüidades e obxectos de segunda man.

A uns pasos, na **praza Celso García de la Riega** ¹⁵, vemos o **PAZO DOS MURGA E IBAIZABAL**, que conserva o escudo familiar, un arco carpanel e un alfiz. O bar de tapas **La Estafeta** ocupa a planta baixa. O edificio foi sede da primeira estafeta de correos en Pontevedra, de aí o antigo nome da praza, chamada «do Correo Vello».

No nº 2 da rúa de Valentín García Escudero estableceuse **La Bienvenida**, unha mercería con prendas de hai máis de medio século,

ARRIBA Cestigar
ABAIXO Fábrica Vintage
PÁXINA OPOSTA Praza de Méndez Núñez

entre as que apareceu algunha das batas de Goa, xerme de Zara.

Continuamos pola **rúa Real** ¹⁶, unha das máis vellas da cidade. Hai quen fala de 2 000 anos de historia e remonta a súa orixe á época romana. Aquí predominan os negocios tradicionais coma a **Casa Verdún**, que dende 1909 é un referente no sector hostaleiro na cidade. Hoxe ofrece comida tradicional renovada, contando cunha extensa carta de viños, queixos e embutidos que poderemos degustar na barra, no restaurante ou na súa terraza baixo o emparado.

A pouca distancia, no **PAZO DE BARBEITO, PADRÓN E VEGA**, do século XVII, que recoñecemos polas dez caras de inspiración renacentista que asoman na súa fachada, estableceuse hai máis de 30 anos **Cestigar**, un negocio especializado en cestería e obxectos de vimbio. En 1947 abriu a **Ferretería Gallega**, á que dende entón se achegan pontevedreses e foráneos na procura de ferraxes para mobles



antigos e ferramentas para carpintaría e decoración.

No noso paseo, abandonamos momentaneamente a rúa Real e enlazamos coa **rúa de Martín Sarmiento** ¹², onde no nº 4 se sitúa **Fábrica Vintage** que é como unha marfallada onde se ofrece un pouco de todo: cadernos de caligrafía dos anos 20, enxoval dos 60, cuncas modernistas, sombreiros, complementos e pequenos mobles antigos... O edén do coleccionista!

No nº 9 chegamos a **Pontemúsica**, especialistas na arte musical con 32 anos de experiencia no sector, e onde podemos atopar á venda instrumentos e material especializado.

A oferta comercial da rúa complétase, no nº 10, coa **Librería Cao**. O establecemento abriu en 1948, aínda que noutra parte da cidade. Hoxe, nos estantes repletos de libros, destacan os de arte, se cadra porque en Pontevedra se atopa a única Facultade de Belas Artes de toda Galicia.

E xa estamos na colorida **praza de Méndez Núñez** ¹⁷, onde nos recibe a escultura de Ramón María del Valle-Inclán, ilustre dramaturgo versado en literatura, de quen contan que frecuentaba os animados faladoiros que organizaba a familia Muruais, no palacete que vemos ás súas costas, tamén coñecido como a Casa do Arco. Aquí residiu, os últimos tres anos da súa vida, o almirante Casto



Méndez Núñez, que pasou á historia por saír vencedor na batalla do Callao e acuñar a célebre frase «máis vale honra sen barcos que barcos sen honra».

Saímos da praza polo arco situado entre o pazo e o xardín e continuamos pola rúa de Don Gonzalo, onde vemos, o **Despacho de Pan Abelleira**, casa fundada en 1880, que é un referente en Pontevedra, non só polo pan artesán cocido en forno de leña, senón tamén polos seus biscoitos, pan de Viena, empanadas e cocas, todo de elaboración propia. Recoñecerémolo polo papagaio que nos saúda ao pasar!

Un pouco máis adiante, no nº 6 da **Rúa de don Gonzalo** ¹⁸, abriu as súas portas **La Artesa**, que nos presenta unha nova concepción de negocio, cun local no que se pode mercar o pan do día e tomar un café ou frappé arrodeados de tortas, bolaría e bombóns que cambian segundo as estacións, festividades





ou mesmo fan homenaxe a acontecementos lúdicos ou culturais. Son curiosos os bombóns ou galletas con forma de froitas ou sardiñas, de cubo de Rubik, de cintas de casete, de personaxes da Guerra das Galaxias...

Dende aquí chegamos á animada **praza de Curros Enríquez** ¹⁹ para continuar pola **rúa Real** ¹⁶ e, se o que buscamos son produtos gastronómicos, podémonos dirixir ao nº 15. Alí, no *Cisne*, ofrécennos produtos por xunto de alta calidade dende 1941. E no nº 13 está *Mímate*, que gañou o certame Comercio con Talento 2015, pola elaboración de produtos artesanais con compoñentes naturais.

O noso paseo lévanos á vella praza do Pan, hoxe **praza do Teucro** ²⁰. Conta a lenda

ARRIBA Praza do Teucro
PÁXINA OPOSTA La Navarra

que Teucro, un dos heroes das guerras de Troia, namorou dunha serea, Leucoíña, seguiuna por mar ata estas terras e fundou aquí a cidade de Pontevedra. A praza é, sen dúbida, unha das máis fermosas da cidade. Está adornada con laranxeiras, que nos falan da clemencia do clima, e arrodada de casas con balcóns cubertos de fantásticas pezas de forxa, tamén chamados costureiros, miras ou gradicelas, e abundan as casas nobres con escudos de diferentes liñaxes.

Entre eles está o PAZO DO MARQUÉS DE ARANDA, que conserva parte das torres ameadas e uns tenantes que portan as armas da familia; nos baixos acolle a marroquinería *Casa Bravo*. Completan a praza o PAZO DO CONDE SAN ROMÁN do século XVIII e, baixo o imponente escudo do PAZO DOS GAGO E MONTENEGRO, atópase a *Imprenta Peón*, a máis vella de Pontevedra. Fundada en 1902, nela imprimiron as súas obras escritores coma Celso Emilio Ferreiro e Castelao ou debuxantes coma Rafael Úbeda, Rafael Alonso ou Conde Corbal.

Na contigua **rúa da Princesa** ²¹ aínda continúa *La Navarra*, todo un referente e lugar de encontro en Pontevedra. Trátase dunha taberna con máis de 90 anos ás súas costas, que garda nas súas lacenas e estantes botellas de vino das mellores colleitas, algunhas do momento de apertura do establecemento en 1925, e mesmo outras creadas para ocasións especiais, coma as vodas reais de

Balduino de Bélxica e Fabiola ou a dos entón príncipes e actuais reis de España, Felipe VI e Letizia.

Volvemos sobre os nosos pasos cara ás **rúas de Tetuán** ²² e de **dona Tareixa** ²³ que nos levarán á avenida de Santa María. Polo camiño pasamos por diante da CAPELA DO NAZARENO, que só se abre o primeiro venres de marzo e á que acode unha multitude de fieis implorando que se lles cumpra unha das tres grazas solicitadas ao Cristo. Se queremos afondar na historia da cidade ou de Galicia, podemos facer unha parada na *Librería Metáfora* (Rúa de Paio Gómez Charriño, nº 9), onde atoparemos unha ampla oferta.

Xa na **avenida de Santa María** ²⁴ vemos o PALACETE DAS MENDOZAS, do século XIX, obra do arquitecto Alejandro Rodríguez Sesmero, encargado tamén do plan urbanístico de Pontevedra trala demolición da muralla, así como de planificar a traída de augas e a rede de sumidoiros. Non é de estrañar, por iso, que este palacete fose o primeiro na cidade en ter auga corrente. É a actual sede do Padroado de Turismo das Rías Baixas. No seu xardín sorpréndenos un teixo, convertido en obra de arte polas mans do artista Paco Pestana.

Moi preto atópase o CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS TORRES ARCEBISPAS (CITA), construído no subsolo aproveitando as



escavacións do foso defensivo deste pazo-fortaleza. Visitando o seu interior poderemos descubrir boa parte da historia desta cidade.

Dende aquí chegamos á REAL BASÍLICA DE SANTA MARÍA A MAIOR, datada no século XVI e mandada construír polo Gremio de Mareantes. Unha réplica do Cristo da Boa Viaxe recíbenos na fachada sur. No interior podemos ver o orixinal así como outras imaxes de protectores dos mariñeiros como santa Bárbara, a Virxe do Carme e san Telmo. A fachada principal está considerada a obra cume do plateresco galego e foi realizada por Cornelis de Holanda e Juan Noble. Entre as figuras e escenas relixiosas observamos, a ámbolos dous lados do rosetón, as cabezas de dous grandes navegantes e conquistadores, Cristóbal Colón e Hernán Cortés. A visita complétase coa subida ao campanario para ter outra perspectiva sobre a cidade.



Bordeamos a igrexa e descendemos pola **rúa de Isabel II** ²⁵, que nos conduce á zona tradicional de viños e tapas. Polo camiño, chama a atención o cartel que anuncia o SANTUARIO DAS APARICIÓNS, o convento de clausura da Orde de santa Dorotea onde se refuxiou sor Lucía, unha dos tres pastoriños de Fátima. Aquí, o 10 de decembro de 1925, contemplou unha nova aparición da Virxe e o Neno Xesús. Hoxe pódese visitar a capela, vella cela de sor Lucía, onde tivo lugar a aparición.

Os nosos pasos lévannos á **praza das Cinco Rúas** ²⁶, onde se dispón un dos cruceiros mellor traballados de Galicia, datado no

ARRIBA Cruceiro na praza das Cinco Rúas

PÁXINA OPOSTA Teixo do xardín do Pazo das Mendoza

século XVIII e profusamente decorado con imaxes de Adán e Eva, que simbolizan o pecado orixinal, redimido pola crucifixión de Cristo. Aquí residiu Ramón María del Valle-Inclán, como reza a placa da casa con patín. Esta encrucillada é un bo lugar de tapas e para repoñer forzas nos numerosos locais aquí situados e, se o tempo acompaña, gozar, ademais, das terrazas.

Continuamos o paseo pola **rúa do Barón** ²⁷ e, a poucos metros, vemos o palacete renacentista, datado entre os séculos XVI e XVII, e pertencente aos condes de Maceda, coñecido como a CASA DO BARÓN. A construción foi utilizada como escola para nenos desamparados, logo como almacén de sal e mesmo se fala de que aquí se instalou unha loxa masónica antes de se converter en Parador Nacional de Turismo.

Rematamos o noso percorrido na **praza do Peirao** ²⁸, sempre animada, con bares, asadores e terrazas. É un bo lugar para contemplar a desembocadura do río Lérez, o nacemento da ría de Pontevedra e observar a subida e a baixada das mareas. Podémonos achegar á ponte do Burgo, polo que discorreu a vía romana XIX e por onde, dende a Idade Media, pasan os peregrinos que seguen o Camiño Portugués cara a Compostela.

Ao final do noso percorrido agárdannos algunhas curiosidades que poden levarnos a pescudar sobre o pasado desta histórica

cidade, coma os restos arqueolóxicos do antigo peirao ou o monumento que reza: «Nesta ribeira construíuse a carabela Santa María -A Galega-, sobre a que o almirante pontevedrés Cristóbal Colón cambiou o destino do Mundo».

Diante dos restos arqueolóxicos (musealizados con paneis explicativos na **praza de Valentín García Escudero** ²⁹) está a Casa Sada Wine Store, unha tenda delicatessen especializada en viños, que ofrece a posibilidade de catalos e degustar conservas, queixos e embutidos de alta calidade.





A Illa das Esculturas

A escasos minutos a pé dende o centro histórico, no río Lérez, atópase un singular lugar dedicado a arte máis innovadora: a ILLA DAS ESCULTURAS. Este proxecto, de 1999, foi pioneiro en España e produciu a metamorfose dunha paisaxe natural, a Illa do Cobo, nunha obra de arte en harmonía coa natureza. As obras pétreas de grandes artistas como Giovanni Anselmo, Robert Morris, Ulrich Rückriem, Fernando Casás, José Pedro Croft, Jenny Holzer, Richard Long, Hamilton Finlay, Francisco Leiro, Dan Graham, Anne e Patrick Poirier e Enrique Velasco inducennos a unha reflexión sobre o respecto ao medio natural e a beleza do mesmo.

Os amantes do sendeirismo poden completar a visita cunha ruta duns 13 km, ida e volta, que os levará polo leito do río ata a fervenza e o miradoiro de Monteporreiro, os restos do antigo balneario Aguas del Lérez, o mosteiro de San Bieitiño de Lérez ou a chamada Ponte dos Franceses ou Ponte Bora.

A Igrexa de Santa Clara

Moi preto da zona vella e fóra das antigas murallas, no Camiño Castelán (hoxe rúa de Santa Clara), sitúase a IGREXA DE SANTA CLARA, un dos templos góticos do século XIV mellor conservados de Galicia. O seu interior é como un cofre de sorpresas pola boa feitura dos seus retablos barrocos, pola riqueza dos

frescos que exornan os seus muros e teitos, pola imaxe-relicario do mártir san Vicente do século III e polo enterramento de sor María de San Antonio..


Conta a tradición que sor María de San Antonio escapou da casa vestida de home para peregrinar dende Toledo a Santiago de Compostela. Ingresou como axudante nun convento masculino e, cando ía ser ordenada frade, confesou que era muller e recluíuse neste convento con 22 anos. Contan dela que era unha traballadora incansable e que coas súas mans construíu todo o perímetro do muro do convento e mesmo chegou a predicir a súa propia morte, que acontecería en 1616.

A documentación sobre este convento de clausura é enorme, xa que as irmás clarisas teñen por costume deixar por escrito tódalas súas vivencias. Así, descubrimos que mesmo exerceron de prestamistas para os máis

PÁXINA OPOSTA Illa das Esculturas

ABAIXO Igrexa de Santa Clara





desfavorecidos. Paga a pena facer un pequeno desvío no noso percorrido para descubrir esta xoia.

Café Moderno

No nº 3 da praciña de San Xosé atópase a que foi residencia do señor Martínez Bautista, un indiano retornado de Cuba. O resto da edificación dedicouse a vivendas de aluguer para familias adineradas e nos baixos estableceu-se o [Café Moderno](#).

O Café Moderno abriu as súas portas en 1903, causando sensación na cidade polo seu luxo e elegancia. Foi cualificado como «o xamais visto!» Converteuse axiña en lugar de reunión e faladoiro de intelectuais, políticos e artistas, e marcou a historia da cidade e de Galicia. Reuníronse alí republicanos, galeguistas e socialistas, e dise mesmo que foi o lugar onde se fraguou o Primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. Polas súas

mesas pasaron Castelao, Bóveda, Cabanillas, Paz Andrade e García Lorca. Foi e continúa a ser un referente para os afeccionados e profesionais da decoración e aínda conserva interesantes pinturas de artistas galegos da primeira metade do século XX, como Montererín, Pintos Fonseca, Carlos Sobrino ou Laxeiro.

O edificio é un museo en si mesmo despois da restauración levada a cabo polo grande arquitecto portugués Álvaro Siza; e hoxe, á parte do café, pódense tamén visitar diferentes dependencias habilitadas como salas de exposicións.

Adorna a praza [LA TERTULIA](#), de César Lombra, unha obra que representa o momento no que os compañeiros de faladoiro escoitan ao xenial músico pontevedrés Manuel Quiroga Losada, que levou a súa obra e o nome da cidade polos teatros de medio mundo. O conxunto escultórico interactúa co viandante, xa que presenta dúas cadeiras baleiras para que nos podamos retratar cos seus ilustres protagonistas.

ARRIBA Café Moderno



galicia